

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Confederación de Empresarios de Lugo, e a Fundación CEL Iniciativas por Lugo para o establecemento dun marco de actuación conxunta en favor do desenvolvemento do espírito emprendedor no marco de Eduemprende.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade formalizou coa Confederación de Empresarios de Lugo, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 25 de novembro de 2020 ata o 30 de xuño de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración das entidades asinantes para promover e fomentar actividades e iniciativas emprendedoras dentro do marco de Eduemprende, Plan de emprendemento do sistema educativo de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Ante o déficit emprendedor en Galicia é necesario crear as condición para que poidan prosperar as iniciativas e as actividades emprendedoras. Neste senso o Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia, Eduemprende, aprobado no 2010, ten como obxectivo estratéxico a implantación na comunidade educativa desta cultura emprendedora necesaria para mellorar a competitividade empresarial e a empregabilidade do alumnado galego de acordo coas competencias da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, cos fins da Confederación de Empresarios de Lugo e co previsto no programa “Educación e Formación 2010” do Consello europeo de Lisboa de marzo de 2000.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

